


Informe de sensibilidade acumulada aos antibióticos en mostras extrahospitalarias

Ano 2024



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



Plan Nacional
Resistencia
Antibióticos

Autores

Coordinadora

Isabel Losada Castillo. Coordinadora científico-técnica PROA. Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria. Servizo Galego de Saúde. Consellería de Sanidade.

Autores

(Por orde alfabética)

Ángeles Pallarés González. Microbióloga. PROA comunitario Área de Pontevedra e O Salnés.

Germán Bou Arévalo. Microbiólogo. PROA comunitario Área Sanitaria de A Coruña e Cee.

Isabel Losada Castillo. Coordinadora científico-técnica PROA. Servizo Galego de Saúde. Consellería de Sanidade.

Jorge Julio Cabrera Alvargonzalez. PROA comunitario Área Sanitaria de Vigo.

Lucía Martínez Lamas. Microbióloga. PROA comunitario Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

María Dolores Formoso Lavandeira. Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria. Servizo Galego de Saúde. Consellería de Sanidade.

Patricia Capón. Microbióloga. PROA comunitario Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Patricia Romero Jung. Microbióloga. PROA comunitario Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

Pedro Juíz González . Microbiólogo. PROA comunitario Área Sanitaria de Ferrol.

Edición:

Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Servizo Galego de Saúde

Data: Outubro de 2025

Índice

Introdución.....	4
Obxecto.....	5
Ámbito.....	5
Microorganismos diana, tipo de mostra e % de sensibilidade.....	6
Bacterias Gram negativas.....	6
Bacterias Gram positivas.....	7
Outros microorganismos a considerar en función da incidencia global.....	8
Indicadores de bacterias multirresistentes.....	8
Conclusións.....	9

Introdución

Desde a súa incorporación á práctica clínica, os antibióticos constituíron un dos fitos máis relevantes na historia da medicina, ao posibilitar o control eficaz de múltiples enfermidades infecciosas e reducir de forma significativa a mortalidade asociada. Porén, o uso indiscriminado, prolongado e, en moitos casos, inapropiado destes axentes antimicrobianos favoreceu a selección e diseminación de cepas bacterianas resistentes. Esta situación representa na actualidade unha ameaza crecente para a saúde pública a nivel global, comprometendo a eficacia dos tratamentos dispoñibles e dificultando o manexo de infeccións comúns.

Neste contexto, a elaboración dun **mapa de sensibilidade aos antibióticos na comunidade** convértese nunha ferramenta fundamental para identificar e monitorizar os patróns locais de resistencia bacteriana. A información derivada deste tipo de estudos permite optimizar o tratamento empírico das infeccións, fomentar o uso racional dos antimicrobianos e fortalecer os programas de vixilancia epidemiolóxica. En consecuencia, contribúese á preservación da eficacia terapéutica dos antibióticos e á protección sostida da saúde da poboación.

A realización dun mapa de sensibilidade aos antibióticos na comunidade xustifícase pola necesidade de dispor de datos locais actualizados sobre os patróns de resistencia bacteriana. A maioría das guías terapéuticas baséanse en información global ou hospitalaria, que non sempre reflicte a realidade microbiolóxica da atención primaria nin das infeccións adquiridas na comunidade.

Obxecto

O obxectivo xeral dos mapas de sensibilidade antibiótica é dispoñer dunha información local e fiable que oriente o uso adecuado de antibióticos e contribúa ao control das resistencias na comunidade.

Mais polo miúdo, os obxectivos principais son: identificar patróns locais de resistencias, guiar o tratamento empírico adecuado, reducir as resistencias antimicrobianas e tamén permiten compararnos con outras rexións ou institucións.

Ademais, o estudo contribuirá a fortalecer os sistemas de vixilancia epidemiolóxica, a detectar tendencias emerxentes de resistencia e a apoiar o deseño de políticas de saúde pública orientadas á contención da resistencia antimicrobiana. Deste modo, o proxecto responde á crecente demanda de estratexias baseadas na evidencia para preservar a eficacia dos antibióticos e garantir unha atención sanitaria segura e sustentable.

Ámbito

O ámbito destes informes son proporcionar as resistencias nas diferentes Áreas Sanitarias de Galicia.

O informe inclúe soamente mostras extrahospitalarias, agás as mostras das urxencias hospitalarias. Tamén se exclúen as mostras para a vixilancia epidemiolóxica.

Os datos calcúlanse utilizando o primeiro illamento de cada paciente no ano de informe.

A periodicidade é anual.

Microorganismos diana, tipo de mostra e % de sensibilidade

Bacterias Gram negativas

<i>Escherichia coli</i> en mostras de ouriños	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Ampicilina/Amoxicilina	55%	56%	56%	46%	52%	-	55%
Amoxicilina- ac. clavulánico	72%	67%	73%	71%	82%	87%	75%
Cefuroxima	90%	93%	90%	79%	84%	90%	87%
Cefotaxima Ceftriaxona	93%	94%	93%	85%	88%	94%	87%
Ciprofloxacino	78%	82%	77%	70%	67%	85%	79%
Fosfomicina	95%	96%	96%	92%	95%	96%	96%
Nitrofurantoina	99%	100%	99%	99%	99%	100%	99%
Cotrimoxazol	77%	80%	77%	71%	77%	81%	76%

<i>Klebsiella pneumoniae</i> en mostras de ouriños	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Ampicilina/Amoxicilina	-	-	-	-	-	-	-
Amoxicilina- ac. clavulánico	81%	77%	75%	78%	82%	85%	71%
Cefuroxima	91%	94%	89%	82%	85%	82%	83%
Cefotaxima Ceftriaxona	95%	94%	91%	85%	88%	85%	85%
Ciprofloxacino/levofloxacino	92%	92%	86%	83%	80%	82%	83%
Fosfomicina	58%	47%	69%	62%	47%	-	70%
Nitrofurantoina	-	76%	82%	86%	72%	-	92%
Cotrimoxazol	90%	93%	87%	84%	88%	85%	82%

<i>Proteus mirabilis</i> en mostras de ouriños	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Ampicilina/Amoxicilina	71%	66%	62%	58%	56%	-	64%
Amoxicilina- ac. clavulánico	90%	82%	91%	84%	86%	94%	88%
Cefuroxima	97%	97%	97%	89%	90%	96%	96%
Cefotaxima Ceftriaxona	99%	97%	98%	92%	93%	98%	97%
Ciprofloxacino/levofloxacino	67%	71%	58%	56%	60%	73%	62%
Fosfomicina	65%	62%	64%	62%	62%	-	60%
Nitrofurantoina	-	-	-	-	-	-	-
Cotrimoxazol	65%	71%	61%	67%	65%	75%	60%

<i>Haemophilus influenzae</i> en mostras respiratorias	AS CORUÑA E CEE*	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS**	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Ampicilina/Amoxicilina	79%	62%	90%	78%	80%	88%	77%
Amoxicilina- ac. clavulánico	98%	91%	99%	91%	100%	97%	97%
Cefotaxima Ceftriaxona	100%	99%	100%	100%	100%	-	100%
Ciprofloxacino/levofloxacino	98%	96%	100%	100%	100%	99%	90%

* En todas as mostras **En mostras respiratorias e exudado ótico

Bacterias Gram positivas

<i>S. aureus</i> en todas as mostras	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Cloxacilina	79%	84%	87%	77%	86%	88%	90%
Eritromicina	63%	65%	68%	55%	68%	66%	68%
Clindamicina	66%	71%	64%	70%	73%	72%	80%
Mupirocina	-	88%	87%	88%	92%	-	89%
Ciprofloxacino/ Levofloxacino	77%/79%	85%	84%	-	85%	87%	86%
Gentamicina	85%	90%	77%	97%	96%	88%	92%
Tobramicina	-	83%	66%	85%	85%	-	78%
Cotrimoxazol	100%	97%	99%	97%	99%	100%	100%
A. fusídico	-	-	94%	100%	-	-	97%
Tetraciclina	-	-	91%	100%	-	90%	96%

<i>Streptococcus pyogenes</i> en exsudado faríngeo	AS CORUÑA E CEE*	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Eritromicina	88%	91%	90%	71%	97%	83%	75%
Clindamicina	89%	91%	90%	71%	98%	87%	88%

* En todas as mostras

<i>Streptococcus pneumoniae</i> en tracto respiratorio	AS CORUÑA E CEE*	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS**	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Penicilina	91%	95%	74,6 S - 24,5 I - 0,9 R	81%	100%	85%	94%
Cefotaxima/Ceftriaxona	100%	100%	100%	100%	100%	100%	100%
Eritromicina	59%	63%	63%	38%	58%	53%	-
Clindamicina	79%	77%	74%	56%	83%	70%	-
Ciprofloxacino/levofloxacino	100%	98%	90%	94%	100%	100%	100%

* En todas as mostras **En mostras de exudado ótico

Outros microorganismos a considerar en función da incidencia global

<i>Salmonella enterica</i> en mostras de feces	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
Ampicilina	-	70%	53%	33%	58%	100%	-
Cefataxima/ceftriaxona	-	96%	97%	92%	97%	100%	-
Ciprofloxacino	88%	89%	92%	96%	83%	89%	-
Cotrimoxazol	-	100%	-	96%	97%	93%	-

<i>As resistencias de Campylobacter</i> en mostras de feces	AS CORUÑA E CEE*	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN*	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA*	AS VIGO
Ciprofloxacino	50%	13%	18%	21%	11%	14%	-
Eritromicina	100%	100%	99%	100%	99%	99%	-

* Se refire solo a *C. jejuni*

Indicadores de bacterias multirresistentes

En mostras de ouriños	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
<i>Escherichia coli</i> resistente a amoxicilina-	25%	33%	27%	30%	11%	13%	25%
<i>Escherichia coli</i> resistente a ciprofloxacino	18%	18%	20%	30%	33%	15%	21%
<i>Escherichia coli</i> BLEE	7%	6%	7%	15%	12%	6%	10%
<i>Klebsiella pneumoniae</i> BLEE	5%	5%	9%	15%	12%	15%	13%
En todas as mostras	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
<i>Staphylococcus aureus</i> resistente a metilina (SARM)	19%	16%	13%	23%	14%	12%	10%
En mostras do tracto respiratorio	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
<i>Streptococcus pneumoniae</i> resistente a penicilina	2%	5%*	2%	19%	0%	17%	6%
<i>Streptococcus pneumoniae</i> resistente a cefalosporinas de 3ª gen	0%	0%*	0%	0%	0%	0%	0%
<i>Streptococcus pyogenes</i> resistentes a eritromicina	5%	8%	10%	30%	3%	17%	25%
<i>Haemophilus influenzae</i> resistente a amoxicilina-clavulánico	4%	9%	11%	10%	0%	0%	3%
En mostras de feces	AS CORUÑA E CEE	AS FERROL	AS LUGO, A MARIÑA E MONFORTE	AS OURENSE, O BARCO E VERÍN	AS PONTEVEDRA E SALNÉS	AS SANTIAGO E BARBANZA	AS VIGO
<i>Salmonella enterica</i> resistente a ciprofloxacino	12%	25%	8%	4%	16%	9%	-

Conclusións

1. As resistencias de *E. Coli* en ouriños a ciprofloxacino, amoxicilina-ácido clavulánico e cotrimoxazol é superior ao 20% ou incluso ao 30%, polo cal non se recomendan como tratamento empírico de infeccións do tracto urinario (ITU).
2. Mantense unha boa sensibilidade de *E. coli* en ouriños a fosfomicina e sobre todo a nitrofurantoína, que poden recomendarse como tratamento empírico das ITU non complicadas en mulleres en Atención Primaria.
3. As resistencias de *H. Influenzae* á amoxicilina/ampicilina varía entre o 10%-38%, polo cal non se recomenda como tratamento empírico destas infeccións.
4. Aínda que as gastroenterites non adoitan de ser tratadas con antibióticos, agás en casos complicados ou pacientes con factores de risco, as Salmonelas en mostras de feces mostran bastante sensibilidade ao cotrimoxazol e aos *Campylobacter* spp. en mostras de feces con practicamente todos sensibles á eritromicina (99%-100%).
5. O cotrimoxazol é unha boa opción terapéutica para os *S. aureus*, tendo en conta que as resistencias á meticilina varían entre o 12% e o 23%.
6. As amigdalites por *S. pyogenes* adoitan unha boa sensibilidade aos macrólidos e clindamicina agás nas áreas sanitarias de Ourense e Vigo.
7. O pneumococo mantén unha boa sensibilidade á penicilina agás nas áreas sanitarias de Ourense e Santiago. A sensibilidade a cefotaxima é do 100% en todas as áreas e ao ciprofloxacino/levofloxacino varía entre 90%-100%, agás na Área sanitaria de Vigo.
8. Os *E. coli* e as *K. pneumoniae* produtores de betalactamasas de espectro estendido (BLEE) mostran valores iguais ou superiores ao 10% nas Áreas Sanitarias de Ourense, Pontevedra e Vigo.